

SINISTRALIDADE LABORAL NOS SERVIZOS DE ALOXAMENTO E DE COMIDAS E BEBIDAS

GALICIA

2014 -2018



INSTITUTO DE
SEGURIDADE E SAÚDE
LABORAL DE GALICIA

1. INTRODUCCIÓN

2. METODOLOXÍA

3. ANÁLISE

4. CONCLUSIÓN

5. ANEXO

1. INTRODUCCIÓN

Tal e como se indica no Eixo 2 do Plan de Actividades do Issga 2021 relativo ao Observatorio Galego de Condicións de Traballo, a realización de informes, documentos técnicos e estudos nas distintas disciplinas preventivas da prevención de riscos laborais é unha das actividades do Instituto, a cal é difundida mediante o Observatorio.

Dentro das actuacións indicadas no devandito plan está o estudo da sinistralidade laboral no sector da hostalería que inclúe: os hoteis e establecementos similares, os aloxamentos turísticos e outros aloxamentos de curta estancia e os servizos de comidas e bebidas.

Mediante o presente estudo que está dividido en dous partes: unha dedicada aos servizos de aloxamento e outra aos servizos de comidas e bebidas, preténdese dar cumprimento a esta actuación planificada.

2. METODOLOXÍA

A obtención dos datos dos partes de accidente (PAT) realizouse a finais do ano 2019. A obtención das táboas coas variables seleccionadas realizouse ben mediante o programa do Instituto "Issga-partes" ou mediante o procesamento dos datos en bruto mediante o programa SPSS[®], os gráficos e as táboas definitivas mediante Excel[®]. Para realizar os cálculos da incidencia utilizáronse os datos de afiliación proporcionados pola Subdirección Xeral de Estatística e Análise Sociolaboral do Ministerio de Traballo e Economía Social.

Para realizar a análise da sinistralidade no sector da hostalería (que corresponde á sección I do CNAE 2009), utilizáronse os PAT daqueles accidentes que ocorreron en centros de traballo correspondentes aos códigos da devandita sección, xa que é máis interesante desde un punto de vista preventivo coñecer as circunstancias do lugar onde o accidente ocorreu, o cal non sempre ocorre se se elixen os accidentes do CNAE da empresa do traballador.

Escolléronse variables entre a variedade de aspectos que se consignan no parte:

- Do persoal accidentado: sexo, idade, nacionalidade, ocupación, contrato.
- Da empresa: provincia, municipio, código cnae, cadro de persoal.
- Do lugar do accidente: se foi en xornada ou in itinere, se foi accidente de tráfico ou non.
- Relacionado co cando e o como do accidente: día da semana, hora do accidente e de traballo, desviación causante e forma de contacto.
- A lesión producida: tipo, parte do corpo afectada e a súa gravidade declarada.

Realizándose a análise dos accidentes segundo as variables anteriores tanto para os accidentes ocorridos nos centros de traballo con cnae 55: [Servizos de aloxamento](#), como os do cnae 56: [Servizos de comidas e bebidas](#).

3. ANÁLISE

Servizos de aloxamento

Nesta parte do estudo móstranse os resultados da análise dos accidentes ocorridos en centros de traballo con CNAE 55. Aínda que o número de accidentes varía nun rango entre os 231 e 303 accidentes declarados, supoñen unha incidencia dos accidentes en xornada laboral claramente superior á do conxunto do sector servizos, agás no 2018 na que supera por pouco a incidencia do sector aínda que sempre por baixo da incidencia dos accidentes en Galicia.

Sinistralidade segundo o lugar

Dos datos das táboas seguintes sobre sinistralidade segundo o lugar pódense inferir as seguintes conclusións: un aumento claro do número de accidentes en xornada laboral entre os anos 2014 e 2017, especialmente neste último ano, en cal ten o seu reflexo nun incremento da incidencia, pero o claro descenso de 2018 produciu que o número de accidentes nestes cinco anos aumente só nun 1,01% (de 199 a 201) mentres que a incidencia diminúe nun 14,11%, (de 2.761,20 a 2.371,68 por 100.000). -Táboas 01, 02.-

Os accidentes *in itinere* creceron menos que os en xornada e en 2018 mantivéronse nos mesmos números do 2017, o que supón que o incremento do número destes accidentes entre o 2018 e o 2014 sexa do 18,75% (de 32 a 38 accidentes), sendo o incremento da incidencia de só o 0,98% (de 444,01 a 448,38 por 100.000).-Táboas 01, 02.-

Accidentes	2014	2015	2016	2017	2018
En xornada	199	212	228	265	201
In Itinere	32	33	34	38	38
Totais	231	245	262	303	239

Táboa 01. Accidentes segundo lugar 2014-2018, CNAE 55.

Incidencia	2014	2015	2016	2017	2018
En xornada	2.761,20	2.855,22	2.962,96	3.279,30	2.371,68
In Itinere	444,01	444,44	441,85	470,24	448,38
Total	3.205,22	3.299,66	3.404,81	3.749,54	2.820,06

Táboa 02. Incidencia segundo lugar 2014-2018, CNAE 55.

En canto ao sexo dos accidentados o número de accidentes difire aínda que a evolución é moi similar: incremento do número de accidentes ata 2017, moi brusco no caso dos homes e máis paulatino nas mulleres e o descenso de 2018 que provoca que os números de accidentes do intervalo aumenten só nun 4,17% nos homes (de 72 a 75) e diminúan nun 0,79% nas mulleres (de 127 a 126) -Táboa 03, Figura 01-

Accidentes en xornada laboral	2014	2015	2016	2017	2018
Homes	72	74	72	97	75
Mulleres	127	138	156	168	126

Táboa 03. Accidentes en xornada laboral segundo sexo 2014-2018, CNAE 55.




Fig. 01. Accidentes en xornada laboral segundo sexo 2014-2018, CNAE 55.

A incidencia dos accidentes en homes e mulleres é distinta, sendo claramente superior nos homes: mentres descendía entre 2014 e 2016 e despois do incremento de 2017 descendeu no 2018 (un 8,60% desde 2014, de 2,931,60 a 2.679,53 por 100.000 traballadores), nas mulleres a incidencia aumentou monotonamente entre 2014 e 2017 cunha forte baixada en 2018 que provoca que a incidencia diminúa nos cinco anos nun 16,97% (de 2.673,12 a 2.219,48 accidentes por 100.000 traballadoras) . -Táboa 04, Figura 02-

Incidencia en xornada laboral	2014	2015	2016	2017	2018
Homes	2.931,60	2.926,06	2.764,98	3.584,63	2.679,53
Mulleres	2.673,12	2.819,20	3.064,23	3.125,58	2.219,48

Táboa 04. Incidencia en xornada laboral segundo sexo 2014-2018, CNAE 55.

Evolución da incidencia nos servizos de aloxamento segundo sexo




Fig. 02. Incidencia segundo sexo 2014-2018, CNAE 55.

Os accidentes *in itinere* nos homes mostran unha tendencia ao aumento no período mentres que nas mulleres mostran os mesmos números agás en 2017. A incidencia dos accidentes *in itinere* foi superior nas traballadoras agás no 2018, aumentando nos homes nestes cinco anos nun 53,56% (de 325,73 a 500,18 por 100.000 traballadores) mentres que diminuíu nas mulleres un 16,31% (de 505,16 a 422,66 por 100.000 traballadoras). -Táboas 05, 06-

Accidentes en itinere	2014	2015	2016	2017	2018
Homes	8	9	10	10	14
Mulleres	24	24	24	28	24

Táboa 05. Accidentes in itinere segundo sexo 2014-2018, CNAE 55.

Incidenia en itinere	2014	2015	2016	2017	2018
Homes	325,73	355,87	384,02	369,55	500,18
Mulleres	505,16	490,30	471,42	520,93	422,76

Táboa 06. Incidenia in itinere segundo sexo 2014-2018, CNAE 55.

En canto á gravidade dos accidentes en homes e mulleres tanto en xornada como in itinere, estes corresponden na súa case totalidade a accidentes leves, sendo os accidentes graves en xornada laboral un 0,76% do total dos accidentes nos homes (3 de 393) e dun 0,97% nas mulleres (7 de 722). En canto aos accidentes *in itinere* só houbo un grave dunha traballadora nestes cinco anos de 125 accidentes, o que supón un 0,80%. -Táboas 07, 08-

Accidentes en xornada laboral	2014		2015		2016		2017		2018	
	Home s	Mulleres	Home s	Mulleres	Home s	Mulleres	Home s	Mulleres	Home s	Mulleres
Leves	72	127	74	135	72	154	96	167	73	125
Graves	0	0	0	3	0	2	1	1	2	1
Mortais	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Total	72	127	74	138	72	156	97	168	75	126

Táboa 07. Accidentes en xornada laboral segundo gravidade e sexo 2014-2018, CNAE 55.

Accidentes in itinere	2014		2015		2016		2017		2018	
	Home s	Mulleres	Home s	Mulleres	Home s	Mulleres	Home s	Mulleres	Home s	Mulleres
Leves	8	23	9	24	10	24	10	28	14	24
Graves	0	1	0	0	0	0	0	0	0	0
Mortais	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Total	8	24	9	24	10	24	10	28	14	24

Táboa 08. Accidentes in itinere segundo gravidade e sexo 2014-2018, CNAE 55.

Sinistralidade segundo provincia

A evolución da sinistralidade é, salvo no caso da provincia de Lugo que mostra valores máis parellos durante os cinco anos, mostra un descenso brusco no ano 2015, similar nas demais provincias cunha tendencia máis ou menos clara de aumento ata o 2017 e un brusco descenso no 2018 que produce que salvo no caso de Pontevedra, que é a provincia con maior sinistralidade, os accidentes diminúan por baixo dos valores do ano 2014. A variación dos accidentes nas provincias é a seguinte: diminución dun 8,75% en A Coruña (de 80 accidentes a 73), diminución dun 3,33% en Lugo (de 30 accidentes a 29), diminución dun 25,00% en Ourense (de 12 accidentes a 9) e aumento dun 16,88% en Pontevedra (de 77 accidentes en 2014 a 90 en 2018). -Táboa 09, Figura 03-

Accidentes en xornada laboral	2014	2015	2016	2017	2018
A Coruña	80	84	82	91	73
Lugo	30	22	30	33	29
Ourense	12	15	16	17	9
Pontevedra	77	91	100	124	90
Galicia	199	212	228	265	201

Táboa 09. Accidentes en xornada laboral segundo provincia 2014-2018, CNAE 55.




Fig. 03. Accidentes en xornada laboral segundo provincia 2014-2018, CNAE 55.

A incidencia mostra unha evolución distinta da sinistralidade entre as provincias do norte e do sur: mentres A Coruña mostra unha tendencia para manterse en valores moi similares ata o descenso no 2018 e Lugo mostra un comportamento irregular cunha tendencia á baixa, en Ourense e Pontevedra teñen unha clara tendencia ao alta ata o brusco descenso de 2018 que provoca que salvo esta última, todas as provincias teñan ao final deste período unha menor incidencia que en 2014. Agás en Pontevedra cun aumento da incidencia do 3,42% (de 2.673,92 accidentes a 2.765,40 por 100.000 traballadores) nas demais provincias e o conxunto da comunidade o descenso é claro: A Coruña un 22,95% menos (de 3.040,67 a 2.342,87), Lugo un 28,24% (de 2.931,83 a 2.103,86) e Ourense un 30,51% (de 1.782,40 a 1.238,67), para unha diminución en Galicia do 14,11% (de 2.761,14 a 2.371,59 accidentes por 100.000 traballadores). - Táboa 10, Figura 04-

Incidencia en xornada laboral	2014	2015	2016	2017	2018
A Coruña	3.040,67	3.099,15	2.886,99	3.051,39	2.342,87
Lugo	2.931,83	2.086,96	2.599,28	2.644,94	2.103,86
Ourense	1.782,40	2.090,84	2.184,30	2.349,42	1.238,67
Pontevedra	2.673,92	3.092,43	3.369,65	3.964,41	2.765,40
Galicia	2.761,14	2.855,35	2.963,09	3.279,16	2.371,59

Táboa 10. Incidencia segundo provincia 2014-2018, CNAE 55.




Fig. 04. Incidencia segundo provincia 2014-2018, CNAE 55.

Desagregando por provincia e sexo, a evolución dos accidentes é distinta en cada provincia no caso dos homes e bastante similar no caso das mulleres:

- Nos traballadores da Coruña a evolución dos accidentes non mostra unha tendencia clara, en Lugo teñen unha lixeira tendencia ao alta, en Ourense unha lixeira tendencia á baixa e en Pontevedra a tendencia é á alza.
- Nas traballadoras da Coruña, Lugo e Ourense, ata o descenso de 2018, a tendencia era á alza, tamén en Pontevedra, pero o descenso de 2018 non fai descender o número de accidentes por baixo dos valores de 2014. -Táboas 11,12, Figuras 05, 06-

Accidentes en xornada laboral - Homes-	2014	2015	2016	2017	2018
A Coruña	30	28	25	33	25
Lugo	11	8	10	11	13
Ourense	4	7	5	4	2
Pontevedra	27	31	32	49	35

Táboa 11. Accidentes en xornada laboral segundo provincia dos homes 2014-2018, CNAE 55.

Accidentes en xornada laboral - Mulleres-	2014	2015	2016	2017	2018
A Coruña	50	56	57	58	48
Lugo	19	14	20	22	16
Ourense	8	8	11	13	7
Pontevedra	50	60	68	75	55

Táboa 12. Accidentes en xornada laboral segundo provincia das mulleres 2014-2018, CNAE 55.

Evolución dos accidentes en xornada laboral dos homes segundo provincia




Fig. 05. Evolución dos accidentes dos homes segundo provincia 2014-2018, CNAE 55.

Evolución dos accidentes en xornada laboral das mulleres segundo provincia




Fig. 06. Evolución dos accidentes das mulleres segundo provincia 2014-2018, CNAE 55.

A evolución da incidencia segundo sexo e provincia detállase a continuación:

- Nos traballadores da Coruña, aínda co incremento do ano 2017 a tendencia era á baixa cunha diminución do 28,26% (de 3.286,77 a 2.357,93), en Lugo desde o ano 2015 en que houbo un forte descenso existe unha lixeira tendencia á alza cunha diminución no período do -5,38% (de 3.286,85 a 3.110,05), en Ourense desde o brusco incremento de 2015 hai un moi claro descenso, cunha diminución no ano 2018 do 53,47% (de 1.805,87 a 840,34), sendo a excepción Pontevedra que mesmo co descenso en 2018 a incidencia dos accidentes increméntase desde 2014 nun 18,24% (de 2.734,87 a 3.233,75 accidentes por 100.000 traballadores).
- Aínda que con diferente evolución nas traballadoras da Coruña e Lugo, a tendencia dos accidentes era descendente (no caso da Coruña, se consideramos o dato de 2015) cunha diminución da incidencia nesta última do 19,75% (de 2.909,94 a 2.335,10) e unha diminución en Lugo do 39,62% (de 2.759,29 a 1.665,94 accidentes por 100.000 traballadoras). Na incidencia dos accidentes das traballadoras de Ourense e Pontevedra, a tendencia ata 2017 era á alza, pero o descenso de 2018 trae como consecuencia que a evolución mostre un valor negativo no período cunha diminución en Ourense do 19,10% (de 1.770,89 a 1.432,71) e do 4,17% en Pontevedra (de 2.642,12 a 2.532,03 accidentes por 100.000 traballadoras). -Táboas 13,14, Figuras 07, 08-

Incidencia xornada laboral -Homes-	2014	2015	2016	2017	2018
A Coruña	3.286,77	2.985,61	2.539,15	3.225,28	2.357,93
Lugo	3.286,85	2.370,37	2.737,85	2.832,01	3.110,05
Ourense	1.805,87	2.941,18	2.091,32	1.647,79	840,34
Pontevedra	2.734,87	3.050,93	3.153,75	4.657,79	3.233,75

Táboa 13. Incidencia en xornada laboral segundo provincia nos homes 2014-2018, CNAE 55.

Incidencia xornada laboral -Mulleres-	2014	2015	2016	2017	2018
A Coruña	2.909,94	3.159,23	3.071,53	2.960,57	2.335,10
Lugo	2.759,29	1.953,49	2.535,12	2.560,37	1.665,94
Ourense	1.770,89	1.668,69	2.229,35	2.703,64	1.432,71
Pontevedra	2.642,12	3.114,32	3.481,82	3.613,01	2.532,03

Táboa 14. Incidencia en xornada laboral segundo provincia nas mulleres 2014-2018, CNAE 55.

Evolución da incidencia dos homes segundo provincia




Fig. 07. Evolución da incidencia nos homes segundo provincia 2014-2018, CNAE 55.

Evolución da incidencia das mulleres segundo provincia




Fig. 08. Evolución da incidencia nas mulleres segundo provincia 2014-2018, CNAE 55.

En canto á incidencia dos accidentes in itinere por provincias de homes e mulleres só dicir que é máis frecuente que presenten valores máis altos a incidencia dos traballadores de Lugo e Ourense e as traballadoras de Pontevedra. -Táboas 15,16-

	2014	2015	2016	2017	2018
Incidencia in itinere -Homes-					
A Coruña	438,24	319,89	101,57	293,21	471,59
Lugo	0,00	888,89	547,57	514,91	239,23
Ourense	451,47	0,00	836,53	411,95	420,17
Pontevedra	303,87	295,25	492,77	380,23	646,75
Galicia	325,73	355,87	384,02	369,55	500,18

Táboa 15. Incidencia in itinere segundo provincia nos homes 2014-2018, CNAE 55.

	2014	2015	2016	2017	2018
Incidencia in itinere - Mulleres-					
A Coruña	523,79	451,32	323,32	612,53	389,18
Lugo	580,90	139,53	253,51	349,14	312,36
Ourense	442,72	417,17	202,67	207,97	614,02
Pontevedra	475,58	674,77	768,05	578,08	460,37
Galicia	505,16	490,30	471,42	520,93	422,76

Táboa 16. Incidencia in itinere segundo provincia nas mulleres 2014-2018, CNAE 55.

Sinistralidade segundo provincia e concello da empresa

Nas táboas da 17 á 20 a continuación, detállanse as porcentaxes de accidentes das empresas dos traballadores accidentados de cada concello da provincia. Destácanse con trazo máis grosso aqueles concellos que sumados as súas porcentaxes alcanzan aproximadamente un 80% dos accidentes. Por provincias son os seguintes:

- Na provincia de A Coruña: A Coruña (35,37%), Santiago de Compostela (32,20%), Ferrol (5,12%), Oleiros e Teo (2,68%) e Padrón (1,95%).
- Na provincia de Lugo: Lugo (30,56%), Monforte de Lemos (14,58%). Viveiro (7,64%), Pantón e Sarria (6,25%), Ribadeo (5,56%), Vilalba (4,86%) e Quiroga (4,17%).
- Na provincia de Ourense: Nogueira de Ramuín e Ourense (18,84%), O Barco de Valdeorras e Cenlle (8,70%), A Arnoia, Lobios e A Pobra de Trives (5,80%), Verín (4,35%) e O Carballiño (2,90%).
- Na provincia de Pontevedra: Vigo (23,86%), Sanxenxo (21,58%), O Grove (10,37%), Mondariz-Balneario (4,98%), Baiona (3,73%), Pontevedra (3,53%), Tui (3,11%), Oia (2,28%), Cambados e Cuntis (2,07%) e Poio (1,87%).

A Coruña	%	% acumulado
Coruña, A	35,37%	35,37%
Santiago de Compostela	32,20%	67,56%
Ferrol	5,12%	72,68%
Oleiros	2,68%	75,37%
Teo	2,68%	78,05%
Padrón	1,95%	80,00%
Cambre	1,71%	81,71%
Carballo	1,71%	83,41%
Sada	1,71%	85,12%
Narón	1,46%	86,59%
Noia	1,22%	87,80%
Porto do Son	1,22%	89,02%
Cerceda	0,98%	90,00%
Culleredo	0,98%	90,98%
Abegondo	0,73%	91,71%
Arzúa	0,73%	92,44%
Cabanas	0,73%	93,17%

Táboa 17. Concellos da provincia de A Coruña con maior porcentaxe de accidentes en xornada laboral.

Lugo	%	% acumulado
Lugo	30,56%	30,56%
Monforte de Lemos	14,58%	45,14%
Viveiro	7,64%	52,78%
Pantón	6,25%	59,03%
Sarria	6,25%	65,28%
Ribadeo	5,56%	70,83%
Vilalba	4,86%	75,69%
Quiroga	4,17%	79,86%
Burela	3,47%	83,33%
Palas de Rei	3,47%	86,81%
Folgosos do Courel	1,39%	88,19%
Foz	1,39%	89,58%
Pedrafita do Cebreiro	1,39%	90,97%
Portomarín	1,39%	92,36%
Trabada	1,39%	93,75%

Táboa 18. Concellos da provincia de Lugo con maior porcentaxe de accidentes en xornada laboral.

Ourense	%	% acumulado
Nogueira de Ramuín	18,84%	18,84%
Ourense	18,84%	37,68%
Barco de Valdeorras, O	8,70%	46,38%
Cenlle	8,70%	55,07%
Arnoia, A	5,80%	60,87%
Lobios	5,80%	66,67%
Pobra de Trives, A	5,80%	72,46%
Verín	4,35%	76,81%
Carballiño, O	2,90%	79,71%
Manzaneda	2,90%	82,61%
Monterrei	2,90%	85,51%
Xinzo de Limia	2,90%	88,41%

Táboa 19. Concellos da provincia de Ourense con maior porcentaxe de accidentes en xornada laboral.

Pontevedra	%	% acumulado
Vigo	23,86%	23,86%
Sanxenxo	21,58%	45,44%
Grove, O	10,37%	55,81%
Mondariz-Balneario	4,98%	60,79%
Baiona	3,73%	64,52%
Pontevedra	3,53%	68,05%
Tui	3,11%	71,16%
Oia	2,28%	73,44%
Cambados	2,07%	75,52%
Cuntis	2,07%	77,59%
Poio	1,87%	79,46%
Caldas de Reis	1,66%	81,12%
Cangas	1,66%	82,78%
Vilagarcía de Arousa	1,66%	84,44%
Moaña	1,45%	85,89%
Nigrán	1,45%	87,34%
Redondela	1,24%	88,59%
Silleda	1,24%	89,83%
Estrada, A	1,04%	90,87%
Meaño	1,04%	91,91%
Ribadumia	1,04%	92,95%
Vilanova de Arousa	1,04%	93,98%
Covelo	0,83%	94,81%
Guarda, A	0,83%	95,64%
Bueu	0,62%	96,27%
Mos	0,62%	96,89%

Táboa 20. Concellos da provincia de Pontevedra con maior porcentaxe de accidentes en xornada laboral.

Sinistralidade por accidentes de tráfico

Nos accidentes de tráfico laborais, case na súa totalidade son accidentes in itinere (un 97,74%), sendo a provincia de Ourense onde representan a maior porcentaxe, un 15,66% respecto de todos os accidentes laborais (18,57% nos homes e 14,29% nas mulleres), sendo Pontevedra a seguinte (8,16% nos homes e 13,35% nas mulleres). A provincia que ten maior número de accidentes de tráfico é a de Pontevedra co 48,87% do total de accidentes de Galicia seguida da Coruña cun 29,32%, Lugo cun 12,03% e Ourense co 9,77% do total dos accidentes laborais de tráfico da comunidade. -Táboas 21,22 Figura 09-

Accidentes de tráfico	En xornada	En Itinere	Total tráfico	% Total accidentes provincia
Provincias				
A Coruña	1	38	39	8,32%
Lugo	1	15	16	9,70%
Ourense	1	12	13	15,66%
Pontevedra	0	65	65	11,55%
Galicia	3	130	133	10,39%

Táboa 21. Accidentes de tráfico segundo provincia e lugar.




Fig. 09. Evolución dos accidentes de tráfico segundo provincia.

Accidentes de tráfico	Homes	Mulleres	% Total accidentes dos homes (xornada+itinere)	% Total accidentes das mulleres (xornada+itinere)
Provincias				
A Coruña	12	27	7,64%	8,65%
Lugo	6	10	9,84%	9,62%
Ourense	5	8	18,52%	14,29%
Pontevedra	16	49	8,16%	13,35%
Galicia	39	94	8,84%	11,20%

Táboa 22. Accidentes de tráfico (97,77% in itinere) segundo provincia e sexo.

Sinistralidade segundo tipo de contrato

Nos accidentes por tipo de contrato existen diferenzas nos accidentados segundo o sexo. Mentres nos homes os traballadores con contrato indefinido teñen unha sinistralidade lixeiramente superior aos temporais no cómputo total do período, (51,28% por 48,21%), superándoos nos anos: 2014, 2015 e 2018, nas mulleres son as traballadoras temporais as que superan ás de contrato indefinido (53,01% por 46,15%) superándoas en todos estes anos agás

Homes	2014		2015		2016		2017		2018		Total	
	Accdte s.	%	Accdte s.	%	Accdte s.	%	Accdte s.	%	Accdte s.	%	Accdte s.	%
Autónomos	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%	1	1,03%	1	1,33%	2	0,51%
Indefinidos	42	58,33%	42	56,76%	34	47,22%	42	43,30%	40	53,33%	200	51,28%
Temporais	30	41,67%	32	43,24%	38	52,78%	54	55,67%	34	45,33%	188	48,21%
Total	72	100%	74	100%	72	100%	97	100%	75	100%	390	100%

en 2016. -Táboas 23,24-

Táboa 23. Evolución dos accidentes dos homes segundo tipo de contrato.

Mulleres	2014		2015		2016		2017		2018		Total	
	Accdte s.	%	Accdte s.	%	Accdte s.	%	Accdte s.	%	Accdte s.	%	Accdte s.	%
Autónomos	1	0,79%	0	0,00%	1	0,64%	2	1,19%	2	1,59%	6	0,84%
Indefinidos	59	46,46%	63	45,65%	78	50,00%	76	45,24%	54	42,86%	330	46,15%
Temporais	67	52,76%	75	54,35%	77	49,36%	90	53,57%	70	55,56%	379	53,01%
Total	127	100%	138	100%	156	100%	168	100%	126	100%	715	100%

Táboa 24. Evolución dos accidentes das mulleres segundo tipo de contrato.

En cando á gravidade mantense esta diferenza entre homes e mulleres, os traballadores con contrato indefinido teñen lixeiramente máis accidentes e máis graves, as traballadoras temporais ten máis claramente máis accidentes e máis graves que aquelas con contrato indefinido. -Táboa 25-

	Leves			Graves			Total		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Autónomos	2	6	8	0	0	0	2	6	8
Indefinidos	198	328	526	2	2	4	200	330	530
Temporais	187	374	561	1	5	6	188	379	567
Total	387	708	1.095	3	7	10	390	715	1.105

Táboa 25. Accidentes nos homes e mulleres segundo tipo de contrato e gravidade.

Nas gráficas apréciase claramente a evolución: entre 2014 e 2017 os traballadores con contrato temporal (tanto homes como mulleres) experimentaron un aumento dos accidentes rexistrados, nos traballadores con contrato indefinido as mulleres tamén aumentaron o número de accidentes salvo o brusco descenso ocorrido en 2018 mentres que os homes mantiveron un número de accidentes moi similar nestes cinco anos. - Figuras 10, 11, 12, 13-




Fig. 10. Evolución dos accidentes dos homes segundo tipo de contrato.




Fig. 11. Evolución dos accidentes das mulleres segundo tipo de contrato.




Fig. 12. Evolución dos accidentes dos traballadores con contrato indefinido segundo sexo.




Fig. 13. Evolución dos accidentes dos traballadores con contrato temporal segundo sexo.

Sinistralidade segundo nacionalidade

Tanto en homes como en mulleres é o persoal traballador español o que representa en porcentaxe o maior número de accidentes con moi pouca diferenza entre sexos (93,59% nos homes polo 92,73% nas mulleres). As maiores porcentaxes de accidentes de traballadores estranxeiros déronse nos anos 2016 e 2018 entre os traballadores e en 2016 e 2017 entre as traballadoras. -Táboa 26-

%		2014	2015	2016	2017	2018	Totais
Homes	España	95,83%	95,95%	90,28%	94,85%	90,67%	93,59%
	Extranxeiro	4,17%	4,05%	9,72%	5,15%	9,33%	6,41%
Mulleres	España	96,06%	96,38%	90,38%	90,48%	91,27%	92,73%
	Extranxeiro	3,94%	3,62%	9,62%	9,52%	8,73%	7,27%
Totais	España	95,98%	96,23%	90,35%	92,08%	91,04%	93,03%
	Extranxeiro	4,02%	3,77%	9,65%	7,92%	8,96%	6,97%

Táboa 26. Porcentaxes de accidentes españois e estranxeiros, homes e mulleres.

Por nacionalidades a maior porcentaxe de accidentes corresponde ao persoal traballador de: Portugal (1,36%), Colombia (0,90%), Brasil (0,63%), Romanía (0,54%), Marrocos (0,45%), Arxentina e Paraguai (0,36%) e Alxeria, Italia, Uruguai e Venezuela (0,27%). -Táboa 27-

País	Homes	Mulleres	Totais
España	365	663	1.028
Portugal	3	12	15
Colombia	2	8	10
Brasil	2	5	7
Romanía	1	5	6
Marruecos	2	3	5
Arxentina	0	4	4
Paraguay	4	0	4
Argelia	1	2	3
Italia	0	3	3
Uruguay	1	2	3
Venezuela	1	2	3

Alemania	2	0	2
Nigeria	0	2	2
Armenia	0	1	1
Bolivia	1	0	1
Bulgaria	1	0	1
Cabo Verde	0	1	1
Checa, República	0	1	1
Cuba	1	0	1
Dominicana, República	1	0	1
Ecuador	0	1	1
Francia	1	0	1
Turquía	1	0	1
Total	390	715	1.105

Táboa 27. Accidentes dos traballadores segundo país.

Sinistralidade segundo idade

As maiores porcentaxes de accidentes rexistráronse nos tramos de idade entre os 25 e os 54 anos (25 a 34, 35 a 44 e 45 a 54), tanto en homes como en mulleres. Aínda que non dispoñemos de datos de afiliación ao nivel de división, no total de Galicia no ano 2018 as porcentaxes de afiliados nos principais grupos de idade eran os seguintes:

- Homes: de 25 a 34 (19,27%), de 35 a 44 (31,17%), de 45 a 54 (27,77%), de 55 a 65 (16,50%).
- Mulleres: de 25 a 34 (19,14%), de 35 a 44 (30,89%), de 45 a 54 (27,89%), de 55 a 65 (17,31%).

Como no cnae 55, correspondente aos servizos de aloxamento, non sabemos se a distribución de traballadores por idade corresponde ao total de Galicia, por tanto non podemos determinar se un grupo en concreto accídéntase máis do que lle correspondería segundo os seus cotizantes.

Dos datos no total de todos os anos, o persoal traballador de 35 a 44 co 28,51% dos accidentes é o grupo de idade con maior sinistralidade, seguido do de 45 a 54 anos co 25,25% e o de 25 a 34 anos co 22,62%. -Táboa 28-

Total	2014	2015	2016	2017	2018	Total
<16	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
16-19	0,50%	1,89%	0,44%	1,51%	1,49%	1,18%
20-24	5,03%	8,49%	6,14%	7,55%	10,45%	7,51%
25-34	27,64%	23,11%	24,12%	18,11%	21,39%	22,62%
35-44	28,14%	25,94%	27,19%	32,45%	27,86%	28,51%
45-54	26,63%	22,17%	28,07%	28,30%	19,90%	25,25%
55-65	12,06%	17,92%	14,04%	12,08%	18,91%	14,84%
>65	0,00%	0,47%	0,00%	0,00%	0,00%	0,09%
Total	100%	100%	100%	100%	100%	100%

Táboa 28. Porcentaxes de accidentes segundo idade.

Onde se aprecia a diferenza na sinistralidade dos grupos de idade é ao comparar as porcentaxes de accidentes en cada sexo, os traballadores que se accidentan son máis novos: 35 a 44 (27,95%), 25 a 34 (26,92%), 45 a 54 (17,18%) que as traballadoras: 35 a 44 (28,81%), 25 a 34 (20,28%), 45 a 54 (29,65%). -Figura 14-




Fig. 14. Porcentaxes segundo idade dos accidentes.

Da evolución dos accidentes dos distintos grupos de idade entre os homes, destacar o crecemento entre os traballadores de 20 a 24 anos, o crecemento entre os anos 2016 e 2018 dos accidentes do grupo de 55 a 65 anos, o crecemento no último ano do grupo de 25 a 34, a diminución desde o 2015 do grupo de 35 a 44 anos e as diminución dos accidentes do grupo de idade de 45a 54 anos desde 2016.

Homes	2014	2015	2016	2017	2018	Total
<16	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
16-19	0,00%	2,70%	1,39%	3,09%	0,00%	1,54%
20-24	5,56%	9,46%	12,50%	15,46%	14,67%	11,79%
25-34	37,50%	24,32%	25,00%	22,68%	26,67%	26,92%
35-44	23,61%	32,43%	31,94%	28,87%	22,67%	27,95%
45-54	18,06%	9,46%	22,22%	20,62%	14,67%	17,18%
55-65	15,28%	20,27%	6,94%	9,28%	21,33%	14,36%
>65	0,00%	1,35%	0,00%	0,00%	0,00%	0,26%
Total	100%	100%	100%	100%	100%	100%

Táboa 29. Porcentaxes de accidentes nos homes segundo idade.




Fig. 15. Evolución dos accidentes segundo idade dos homes.

Da evolución dos accidentes dos distintos grupos de idade entre as mulleres, destacar a tendencia xeral de crecemento das traballadoras entre 55 a 65 anos, o brusco incremento da porcentaxe de accidentes do grupo de 35 a 44 anos en 2017 e o descenso da porcentaxe de accidentes das traballadoras entre 45 e 54 anos en 2018. -Táboa 30, Figura 16-

Mulleres	2014	2015	2016	2017	2018	Total
<16	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
16-19	0,79%	1,45%	0,00%	0,60%	2,38%	0,98%
20-24	4,72%	7,97%	3,21%	2,98%	7,94%	5,17%
25-34	22,05%	22,46%	23,72%	15,48%	18,25%	20,28%
35-44	30,71%	22,46%	25,00%	34,52%	30,95%	28,81%
45-54	31,50%	28,99%	30,77%	32,74%	23,02%	29,65%
55-65	10,24%	16,67%	17,31%	13,69%	17,46%	15,10%
>65	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
Total	100%	100%	100%	100%	100%	100%

Táboa 30. Porcentaxes de accidentes nas mulleres segundo idade.




Fig. 16. Evolución dos accidentes segundo idade das mulleres.

Sinistralidade segundo categoría profesional

As categorías profesionais con maior sinistralidade son distintas dependendo do sexo do persoal traballador. Mentres nos homes o 57,69% dos accidentes son no grupo 5 (Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores), estando o resto dos accidentados entre varios grupos dos cales o grupo 9 (Ocupacións elementais) co 15,38% e o grupo 7 (Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras e a construción, agás operadores de instalacións) son os de maior porcentaxe, nas mulleres están máis concentrados en dous grupos: o 9 (Ocupacións elementais) co 52,59% e o 5 (Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores) co 41,96%, sendo as traballadoras do grupo 4 (Empregados contables, administrativos e outros empregados de oficina) co 3,08% as seguintes cunha porcentaxe moita menor.

Tanto nas traballadoras como nos traballadores existen variacións da sinistralidade provincial en cada grupo, os cales se destacan en trazo máis grosso, pero sen afectar a orde de grupos de categoría profesional de maior sinistralidade. No anexo dispónse dunha táboa co resto da codificación a un dígito das categorías profesionais, podéndose atopar a codificación completa na [web do INE](#). -Táboas 31,32-

Homes	Provincias								Total	%
	A Coruña	%	Lugo	%	Ourense	%	Pontevedra	%		
0	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%
1	1	0,71%	0	0,00%	0	0,00%	1	0,57%	2	0,51%
2	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%
3	4	2,84%	2	3,77%	0	0,00%	4	2,30%	10	2,56%
4	4	2,84%	2	3,77%	3	13,64%	6	3,45%	15	3,85%
5	97	68,79%	32	60,38%	14	63,64%	82	47,13%	225	57,69%
6	0	0,00%	1	1,89%	1	4,55%	4	2,30%	6	1,54%
7	17	12,06%	2	3,77%	3	13,64%	37	21,26%	59	15,13%
8	6	4,26%	4	7,55%	0	0,00%	3	1,72%	13	3,33%
9	12	8,51%	10	18,87%	1	4,55%	37	21,26%	60	15,38%
Total	141	100%	53	100%	22	100%	174	100%	390	100%

Táboa 31. Accidentes e porcentaxes segundo categoría profesional e provincias dos homes.

Mulleres	Provincias								Total	%
	A Coruña	%	Lugo	%	Ourense	%	Pontevedra	%		
0	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%
1	5	1,86%	0	0,00%	0	0,00%	3	0,97%	8	1,12%
2	1	0,37%	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%	1	0,14%
3	2	0,74%	1	1,10%	1	2,13%	2	0,65%	6	0,84%
4	8	2,97%	2	2,20%	3	6,38%	9	2,92%	22	3,08%
5	122	45,35%	45	49,45%	22	46,81%	111	36,04%	300	41,96%
6	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%
7	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%	1	0,32%	1	0,14%
8	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%	1	0,32%	1	0,14%
9	131	48,70%	43	47,25%	21	44,68%	181	58,77%	376	52,59%
Total	269	100%	91	100%	47	100%	308	100%	715	100%

Táboa 32. Accidentes e porcentaxes segundo categoría profesional e provincias das mulleres.

Sinistralidade segundo cadro de persoal

Segundo o cadro de persoal do establecemento, a maior porcentaxe de sinistralidade (o 39,19% de todos os accidentes) prodúcese naqueles de 5 traballadores ata 25, sendo tamén onde se producen o 70% dos accidentes graves. Os seguintes grupos de maior porcentaxe de accidentes son os de 26 ata 50 traballadores co 20,63% e os de 51 ata 100 co 20,18%. -Táboa 33-

Cadro de persoal	% Gravidade		
	Leves	Graves	Total
Conta propia	0,73%	0,00%	0,72%
De 1 a 4	9,41%	0,00%	9,32%
De 5 a 25	38,90%	70,00%	39,19%
De 26 a 50	20,64%	20,00%	20,63%
De 51 a 100	20,27%	10,00%	20,18%
De 101 a 250	7,95%	0,00%	7,87%
De 251 a 500	0,82%	0,00%	0,81%
De 501 a 1000	0,37%	0,00%	0,36%
Máis de 1000	0,91%	0,00%	0,90%
Total	100%	100%	100%

Táboa 33. Porcentaxes de accidentes segundo o cadro de persoal e gravidade.

Sinistralidade segundo provincia (CNAE do centro de traballo a 3 díxitos)

Dentro da división 55 (Servizos de aloxamento) existen catro grupos: 55.1 (Hoteis e aloxamentos similares), 55.2 (Aloxamentos turísticos e outros aloxamentos de curta estadia), 55.3 (Cámpings e aparcadoiros para caravanas) e 55.4 (Outros aloxamentos). Existen algunhas diferenzas provinciais na sinistralidade destes grupos: mentres Pontevedra ten as maiores porcentaxes nos grupos 55.1 (88,80%) e 55.3 (6,22%), Lugo ten unha porcentaxe destacable no 55.2 (17,36%) e A Coruña ten a maior porcentaxe no minoritario grupo 55.9 (3,90%). -Táboa 34-

Provincia da empresa	CNAE (3 díxitos)				Total
	551	552	553	559	
A Coruña	85,37%	5,12%	5,61%	3,90%	100%
Lugo	78,47%	17,36%	1,39%	2,78%	100%
Ourense	82,61%	11,59%	4,35%	1,45%	100%
Pontevedra	88,80%	2,90%	6,22%	2,07%	100%
Total	85,79%	6,15%	5,25%	2,81%	100%

Táboa 34 . Porcentaxes dos accidentes segundo CNAE (3 díxitos) e provincias.

Sinistralidade segundo o CNAE da empresa do traballador accidentado

Como era de esperar, a gran maioría dos accidentados laborais nos establecementos que prestan servizos de aloxamento, (o 84,25%), son de traballadores de empresas desta mesma división do CNAE, sendo a seguinte porcentaxe (o 4,43%) a correspondente a empresas de traballo temporal e outras actividades relacionadas co emprego (cnae 78) e en terceiro lugar co 2,99% dos accidentes, os servizos a edificios e actividades de xardinería, (cnae 81). Móstrase na **táboa 35** unha listaxe coas porcentaxes de accidentes e as divisións ás que corresponden as empresas para case a totalidade dos accidentes ocorridos, podéndose comprobar o código cnae vixente na [web do INE](#).

CNAE empresa do persoal traballador	% de accidentes	Lenda do CNAE
55	84,25%	Servizos de aloxamento
78	4,43%	Actividades relacionadas co emprego (Axencias, ett, etc)
81	2,99%	Servizos a edificios e actividades de xardinaría
43	2,17%	Actividades de construción especializada (arranxos, instalacións)
74	1,09%	Outras actividades profesionais, científicas e técnicas (deseño, fotografía, traducción)
41	0,72%	Construción de edificios
70	0,72%	Actividades das sedes centrais; actividades de consultoría de xestión empresarial (e relacións públicas)
77	0,54%	Actividades de aluguer
82	0,54%	Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares ás empresas
56	0,45%	Servizos de comidas e bebidas
16	0,36%	Actividades de apoio á agricultura, á gandería e de preparación posterior á colleita
25	0,36%	Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento
96	0,27%	Outros servizos persoais (Lavado e limpeza textiles, peiteado, beleza, etc)
33	0,18%	Reparación e instalación de maquinaria e equipamento
47	0,18%	Comercio a retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas
84	0,18%	Administración pública e defensa; seguranza social obrigatoria
88	0,18%	Actividades de servizos sociais sen aloxamento
Total	99,6%	

Táboa 35 . Porcentaxes dos accidentes segundo o CNAE da empresa do persoal traballador accidentado.

Sinistralidade segundo o día da semana

En canto á sinistralidade nos días da semana, existe unha sinistralidade lixeiramente maior entre o mércores e o sábado, acentuándose nos dous últimos días, tanto nos accidentes leves como no total dos mesmos, aínda que os accidentes graves prodúcense principalmente os mércores e os venres sumando entre ambos o 70%. -Táboa 36-

Día da semana	% Gravidade		
	Leves	Graves	Total
luns	13,70%	0,00%	13,57%
martes	12,97%	10,00%	12,94%
mércores	13,97%	40,00%	14,21%
xoves	14,16%	10,00%	14,12%
venres	16,07%	30,00%	16,20%
sábado	16,89%	10,00%	16,83%
domingo	12,24%	0,00%	12,13%
Total	100%	100%	100%

Táboa 36 . Porcentaxes dos accidentes segundo o día da semana.

Sinistralidade segundo a hora do día

Polos datos rexistrados, existe unha franxa horaria de maior sinistralidade: as horas entre as 8 e as 14 horas, tanto nas traballadoras como no total dos accidentes, sendo o tramo central (entre as 10 e as 12 horas) a de maior porcentaxe de accidentes co 24,20% entre as traballadoras e o 21,81% do persoal traballador. Entre os traballadores é un pouco distinto

sendo as porcentaxes maioritarias os seguintes: 17,44% entre as 10 e as 12 horas, 14,36% entre as 16 e as 18 horas e 13,85% entre as 12 e as 14 horas. -Táboa 37-

Hora do día	Sexo		
	Homes	Mulleres	Total
De 0 a 6 horas	4,10%	2,94%	3,35%
6 a 8 horas	2,56%	3,64%	3,26%
8 a 10 horas	12,56%	14,83%	14,03%
10 a 12 horas	17,44%	24,20%	21,81%
12 a 14 horas	13,85%	14,97%	14,57%
14 a 16 horas	12,56%	13,71%	13,30%
16 a 18 horas	14,36%	8,11%	10,32%
18 a 20 horas	9,23%	7,27%	7,96%
20 a 22 horas	8,21%	6,01%	6,79%
22 a 24 horas	5,13%	4,34%	4,62%
Total	100%	100%	100%

Táboa 37 . Porcentaxes dos accidentes segundo a hora do día.

Na distribución horaria segundo sexo e gravidade dos accidentes, apréciase unha lixeira diferenza entre traballadoras e traballadores: nas primeiras están máis concentrados os accidentes leves e o total entre as 8 e 16 horas e os accidentes graves máis repartidos entre as 10 e as 12 horas e pola tarde, entre os segundos, os accidentes leves e os totais están máis distribuídos nunha franxa horaria maior, sendo os accidentes graves entre as 14 e as 18 horas. - Táboas 38, 39-

- Maiores porcentaxes de accidentes entre as traballadoras: de 10 a 12 horas (24,20%), de 12 a 14 horas (14,97%), de 8 a 10 horas (14,83%), de 14 a 16 horas (13,71%).
- Maiores porcentaxes de accidentes entre os traballadores: De 10 a 12 horas (17,44%), de 16 a 18 horas (14,36%) e de 12 a 14 horas (13,85%).

Hora do día	% Gravidade		
	Leves	Graves	Total
De 0 a 6 horas	4,13%	0,00%	4,10%
6 a 8 horas	2,58%	0,00%	2,56%
8 a 10 horas	12,66%	0,00%	12,56%
10 a 12 horas	17,57%	0,00%	17,44%
12 a 14 horas	13,95%	0,00%	13,85%
14 a 16 horas	12,40%	33,33%	12,56%
16 a 18 horas	13,95%	66,67%	14,36%
18 a 20 horas	9,30%	0,00%	9,23%
20 a 22 horas	8,27%	0,00%	8,21%
22 a 24 horas	5,17%	0,00%	5,13%
Total	100%	100%	100%

Táboa 38 . Porcentaxes dos accidentes dos homes segundo a hora do día.

Mulleres	% Gravidade		
	Leves	Graves	Total
De 0 a 6 horas	2,97%	0,00%	2,94%
6 a 8 horas	3,67%	0,00%	3,64%
8 a 10 horas	14,97%	0,00%	14,83%
10 a 12 horas	23,87%	57,14%	24,20%
12 a 14 horas	15,11%	0,00%	14,97%
14 a 16 horas	13,70%	14,29%	13,71%
16 a 18 horas	8,05%	14,29%	8,11%
18 a 20 horas	7,34%	0,00%	7,27%
20 a 22 horas	6,07%	0,00%	6,01%
22 a 24 horas	4,24%	14,29%	4,34%
Total	100%	100%	100%

Táboa 39 . Porcentaxes dos accidentes das mulleres segundo a hora do día.

Sinistralidade segundo hora de traballo

A sinistralidade dos accidentes está máis concentrada nas primeiras horas de traballo nas mulleres que nos homes, sendo entre a primeira e a quinta no seu caso as horas de maior porcentaxe de accidentes mentres que nos homes repártense máis con porcentaxes maiores entre a primeira e a sexta. -Táboa 40-

- Maiores porcentaxes entre as mulleres: segunda hora (17,48%), terceira (17,34%), cuarta (16,08%), primeira (14,69%), quinta hora (11,61%).
- Maiores porcentaxes entre os homes: terceira hora (15,90%), segunda (15,64%), sexta (14,87%) quinta e primeira (12,56%), cuarta hora (11,28%).
- Maiores porcentaxes entre o persoal traballador: segunda e terceira horas (16,83%), cuarta (14,39%), primeira (13,94%) quinta (11,95%), sexta hora (11,04%).

Hora de traballo	Homes	Mulleres	Totais
Primeira	12,56%	14,69%	13,94%
Segunda	15,64%	17,48%	16,83%
Terceira	15,90%	17,34%	16,83%
Cuarta	11,28%	16,08%	14,39%
Quinta	12,56%	11,61%	11,95%
Sexta	14,87%	8,95%	11,04%
Sétima	9,23%	7,55%	8,14%
Oitava	6,15%	5,31%	5,61%
Novena	0,77%	0,42%	0,54%
Décima	0,77%	0,14%	0,36%
Undécima	0,00%	0,28%	0,18%
Duodécima	0,26%	0,14%	0,09%
Maior da duodécima	0,00%	0,00%	0,09%
Total	100%	100%	100%

Táboa 40. Porcentaxes dos accidentes segundo hora de traballo e sexo.

Os accidentes leves (e o total) prodúcense especialmente nas catro primeiras horas de traballo entre as traballadoras, sendo as porcentaxes para os accidentes leves: 17,37% na segunda, 17,23% na terceira, 16,24% na cuarta, 14,83% na primeira; sendo as maiores porcentaxes de accidentes graves (o 28,57%) na segunda, terceira e quinta horas de traballo.

Os accidentes leves (e o total) prodúcense distribuídos especialmente nas seis primeiras horas de traballo entre os traballadores, sendo as porcentaxes nesas horas para os accidentes leves: 16,02% na terceira, 15,76% na segunda, 14,99% na sexta, 12,66% na primeira, 12,40% na quinta, 11,37% na cuarta, producíndose os accidentes graves na oitava, sétima e quinta hora de traballo. -Táboas 41, 42-

Homes		% Gravidade		
Hora de traballo	Leves	Graves	Total	
Primeira	12,66%	0,00%	12,56%	
Segunda	15,76%	0,00%	15,64%	
Terceira	16,02%	0,00%	15,90%	
Cuarta	11,37%	0,00%	11,28%	
Quinta	12,40%	33,33%	12,56%	
Sexta	14,99%	0,00%	14,87%	
Sétima	9,04%	33,33%	9,23%	
Oitava	5,94%	33,33%	6,15%	
Novena	0,78%	0,00%	0,77%	
Décima	0,78%	0,00%	0,77%	
Maior da duodécima	0,26%	0,00%	0,26%	
Total	100%	100%	100%	

Táboa 41. Porcentaxes dos accidentes dos homes segundo hora de traballo e gravidade.

Mulleres		% Gravidade		
Hora de traballo	Leves	Graves	Total	
Primeira	14,83%	0,00%	14,69%	
Segunda	17,37%	28,57%	17,48%	
Terceira	17,23%	28,57%	17,34%	
Cuarta	16,24%	0,00%	16,08%	
Quinta	11,44%	28,57%	11,61%	
Sexta	9,04%	0,00%	8,95%	
Sétima	7,49%	14,29%	7,55%	
Oitava	5,37%	0,00%	5,31%	
Novena	0,42%	0,00%	0,42%	
Décima	0,14%	0,00%	0,14%	
Undécima	0,28%	0,00%	0,28%	
Duodécima	0,14%	0,00%	0,14%	
Total	100%	100%	100%	

Táboa 42. Porcentaxes dos accidentes das mulleres segundo hora de traballo e gravidade.

Sinistralidade segundo desviación

Tal e como se define na «Guía de cumplimentación del parte de accidente de trabajo» do [sistema Delt@](#), a desviación é o último acontecemento anormal que conduciu ao accidente. Trátase da descrición do acontecemento anormal, é dicir, a desviación do proceso normal de traballo. A desviación é o suceso que desencadea o accidente. As desviacións con maior

porcentaxe de accidentes son: o grupo 7 (Movemento do corpo como consecuencia de ou con esforzo físico) co 32,31%, o grupo 5 (Caída de persoas - esvarón ou tropezo con caída) co 28,51%, o grupo 4 (Perda de control total ou parcial de equipos de traballo ou materiais) co 17,38% e o grupo 6 (Movemento do corpo sen esforzo físico engadido) co 11,86%. No Anexo dispónse dunha táboa dos grupos de desviación a un díxito. -Táboa 43-

Desviación	Homes	Mulleres	Totais
0	0,00%	0,14%	0,09%
1	0,26%	0,00%	0,09%
2	3,33%	3,92%	3,71%
3	8,97%	3,64%	5,52%
4	20,00%	15,94%	17,38%
5	23,85%	31,05%	28,51%
6	10,51%	12,59%	11,86%
7	31,54%	32,73%	32,31%
8	1,54%	0,00%	0,54%
Total	100%	100%	100%

Táboa 43. Porcentaxes de accidentes nos homes e mulleres segundo a desviación.

As maiores porcentaxes de accidentes entre as traballadoras teñen como desviación causante o grupo 7 co 32,73% dos accidentes, a continuación, o grupo 5 co 31,05%, en terceiro lugar o grupo 4 co 15,94% e por último o grupo 6 co 12,59%, tendo o resto das desviacións menos do 10% dos accidentes. Os desviacións dos accidentes graves das traballadoras son dos grupos 5 (o 71,43%) e 4 (o 28,57%). -Táboa 44-

Os accidentes entre os traballadores teñen como desviación causante con maior porcentaxe o grupo 7 co 31,54%, a continuación, o grupo 5 co 23,85%, en terceiro lugar o grupo 4 co 20,00% e por último o grupo 6 co 10,51% dos accidentes, tendo o resto dos grupos unha porcentaxe menor ao 10%. As desviacións relacionadas con accidentes graves nos traballadores son dos grupos 3 (Rotura, estalido, escorregamento, caída, derrubamento de Axente material), 4 e 5 en iguais porcentaxes. -Táboa 45-

Homes Desviación	% Gravidade		
	Leves	Graves	Total
1	0,26%	0,00%	0,26%
2	3,36%	0,00%	3,33%
3	8,79%	33,33%	8,97%
4	19,90%	33,33%	20,00%
5	23,77%	33,33%	23,85%
6	10,59%	0,00%	10,51%
7	31,78%	0,00%	31,54%
8	1,55%	0,00%	1,54%
Total	100%	100%	100%

Táboa 44. Porcentaxes dos accidentes dos homes segundo desviación e gravidade.

Mulleres	% Gravidade		
	Leves	Graves	Total
0	0,14%	0,00%	0,14%
2	3,95%	0,00%	3,92%
3	3,67%	0,00%	3,64%
4	15,82%	28,57%	15,94%
5	30,65%	71,43%	31,05%
6	12,71%	0,00%	12,59%
7	33,05%	0,00%	32,73%
Total	100%	100%	100%

Táboa 45. Porcentaxes dos accidentes das mulleres segundo desviación e gravidade.

Sinistralidade segundo forma

Os accidentes segundo a forma ou contacto que produciu a lesión son na súa maioría dun destes 3 grupos: o 34,66% dos accidentes do grupo 3 (Caídas e golpes contra un obxecto inmóbil, traballador en movemento), o 31,40% do código 71 (Sobreesforzos), o código 71 é a práctica totalidade do grupo 7 e por iso utilízase só este código e non xunto ao resto do grupo, e o 16,11% do grupo 5 (Contacto con axente material cortante, punzante, duro). No anexo hai unha táboa co resto dos códigos utilizados.

Aumento do número de **accidentes en xornada laboral** entre 2014 e 2017, mentres que pola baixada do 2018 os accidentes só incrementáronse nun 1,01% de (199 a 201) mentres que a incidencia diminúe nun 14,11% (de 2.761,20 a 2.371,68 por 100.000 traballadores). **Os accidentes in itinere** aumentaron de 32 a 38, sendo en porcentaxe un incremento do 18,75%, mentres que a incidencia aumentou só nun 0,98% (de 444,01 a 448,38 por 100.000).

Accidentáronse moitas mais mulleres que homes en xornada laboral (127 mulleres e 72 homes no 2014 e 168 mulleres e 97 homes no 2017) se ben a diminución dos accidentes no 2018 fai que a variación sexa moi pequena (126 mulleres e 75 homes). Pola contra a incidencia é maior nos homes agás no 2015. Os máximos de incidencia acadáronse no 2017 (3.584,63 nos homes e 3.125,58 nas mulleres), pero os mínimos do 2018 fan que a incidencia diminúa nos homes un 8,60% (de 2.931,60 a 2.679,53 por 100.000 traballadores) e nas mulleres un 16,97% (de 2.673,12 a 2.219,48 accidentes por 100.000 traballadoras).

As traballadoras teñen mais accidentes in itinere que os traballadores e tamén unha incidencia maior (agás no 2018) aínda que en menor proporción. A evolución da incidencia nos homes mostra un incremento do 53,56% (de 325,73 a 500,18 por 100.000 traballadores) mentres que diminuíu nas mulleres un 16,31% (de 505,16 a 422,66 por 100.000 traballadoras).

En canto á gravidade dos accidentes de homes e mulleres tanto en xornada como in itinere, estes corresponden na súa case totalidade a accidentes leves, sendo os accidentes graves en xornada laboral un 0,76% do total dos accidentes nos homes (3 de 393) e dun 0,97% nas mulleres (7 de 722). En canto aos accidentes *in itinere* só houbo un dunha traballadora nestes cinco anos de 125 accidentes, o que supón un 0,80%.

A evolución dos accidentes é moi semellante **nas catro provincias**, agás Lugo. Mostran unha tendencia de bastante clara de aumento ata 2017 e unha clara baixada no 2019, menor en Lugo. Nos cinco anos a sinistralidade en A Coruña diminuíu nun 8,75%, nun 3,33% en Lugo, nun 25% en Ourense e aumento nun 16,88% en Pontevedra.

Ao contrario do anterior, a **evolución da incidencia por provincias** mostra máis diferencias: en A Coruña mantívose en valores moi parellos ata a baixada de 2018, cunha diminución nos cinco anos do 22,95% (de 3.040,67 a 2.342,87), Lugo mostra un comportamento irregular cunha tendencia á baixa, cunha diminución do 28,24% (de 2.931,83 a 2.103,86), Ourense e Pontevedra reflicten unha clara tendencia ao alta ata 2017 e unha forte baixada no 2018, Ourense diminúe nos cinco anos un 30,51% (de 1.782,40 a 1.238,67) e Pontevedra un aumento da incidencia do 3,42% (de 2.673,92 a 2.765,40 por 100.000 traballadores).

A incidencia dos accidentes dos traballadores nas provincias é moi distinta: en A Coruña dentes de serra con unha diminución nos cinco anos do 28,26% (de 3.286,77 a 2.357,93), en Lugo tamén en dentes de serra co mínimo no ano 2015 e unha diminución no período do -5,38% (de 3.286,85 a 3.110,05), en Ourense un máximo en 2015 e unha diminución no ano 2018 do 53,47% (de 1.805,87 a 840,34) e Pontevedra crecemento ata 2017, cun incremento nos cinco anos do 18,24% (de 2.734,87 a 3.233,75 accidentes por 100.000 traballadores). **A incidencia dos accidentes nas traballadoras** mostra diferencias entre as provincias do norte e do sur: en A Coruña a incidencia máxima acádase en 2015 diminuíndo dende entón, máis forte en 2018,

cunha diminución da incidencia do 19,75% (de 2.909,94 a 2.335,10), en Lugo dentes de serra con máximos en 2014 e 2017 e unha diminución en Lugo do 39,62% (de 2.759,29 a 1.665,94 accidentes por 100.000 traballadoras); en Ourense e Pontevedra aumentos dende 2014 á 2017 e forte descenso no 2018, o que resulta nunha diminución en Ourense do 19,10% (de 1.770,89 a 1.432,71) e do 4,17% en Pontevedra (de 2.642,12 a 2.532,03 accidentes por 100.000 traballadoras).

Os concellos que teñen maior porcentaxe de accidentes na súa provincia son os seguintes:

- Na provincia de A Coruña: A Coruña (35,37%), Santiago de Compostela (32,20%), Ferrol (5,12%), Oleiros e Teo (2,68%) e Padrón (1,95%).
- Na provincia de Lugo: Lugo (30,56%), Monforte de Lemos (14,58%). Viveiro (7,64%), Pantón e Sarria (6,25%), Ribadeo (5,56%), Vilalba (4,86%) e Quiroga (4,17%).
- Na provincia de Ourense: Nogueira de Ramuín e Ourense (18,84%), O Barco de Valdeorras e Cenlle (8,70%), A Arnoia, Lobios e A Pobra de Trives (5,80%), Verín (4,35%) e O Carballiño (2,90%).
- Na provincia de Pontevedra: Vigo (23,86%), Sanxenxo (21,58%), O Grove (10,37%), Mondariz-Balneario (4,98%), Baiona (3,73%), Pontevedra (3,53%), Tui (3,11%), Oia (2,28%), Cambados e Cuntis (2,07%) e Poio (1,87%).

Nos accidentes de tráfico laborais, case na súa totalidade son accidentes in itinere (un 97,74%), sendo a provincia de Ourense onde representan a maior porcentaxe, un 15,66% respecto de todos os accidentes laborais (18,52% nos homes e 14,29% nas mulleres), Pontevedra ten unha porcentaxe do 11,55% (8,16% nos homes e 13,35% nas mulleres), Lugo un 9,70% (9,84% nos homes e 9,62% nas mullere) e A Coruña un 8,32% (un 7,64% do total dos accidentes dos homes na provincia e un 8,65% do total dos accidentes das mulleres na provincia). No total de Galicia os accidentes de tráfico son o 10,39% dos accidentes (da suma de en xornada e in itinere), 8,84% nos homes e 11,20% nas mulleres.

Nos accidentes por tipo de contrato existen diferenzas nos accidentados segundo o sexo. Mentres nos homes os traballadores con contrato indefinido teñen unha sinistralidade lixeiramente superior aos temporais no cómputo total dos cinco anos, (51,28% por 48,21%), superándoos nos anos: 2014, 2015 e 2018, nas mulleres son as traballadoras temporais as que superan ás de contrato indefinido (53,01% por 46,15%) superándoas en todos estes anos agás en 2016. En cando á gravidade mantense esta diferenza entre homes e mulleres, os traballadores con contrato indefinido teñen lixeiramente máis accidentes e máis graves (198 leves e 2 graves contra 187 leves e 1 grave), as traballadoras temporais ten máis claramente máis accidentes e máis graves que aquelas con contrato indefinido (374 leves e 5 graves contra 328 leves e 2 graves).

Tanto en homes como en mulleres é o **persoal traballador español** o que representa en porcentaxe o maior número de accidentes con moi pouca diferenza entre sexos (93,59% nos homes polo 92,73% nas mulleres). As maiores porcentaxes de accidentes de traballadores estranxeiros déronse nos anos 2016 (9,72%) e 2018 (9,33%) entre os traballadores e en 2016 (9,62%) e 2017 (9,52%)entre as traballadoras. Por nacionalidades a maior porcentaxe de accidentes corresponde ao persoal traballador de: Portugal (1,36%), Colombia (0,90%), Brasil (0,63%), Romanía (0,54%), Marrocos (0,45%), Arxentina e Paraguai (0,36%) e Alxeria, Italia, Uruguai e Venezuela (0,27%).

As maiores porcentaxes de accidentes rexistráronse nos **tramos de idade** entre os 25 e os 54 anos (25 a 34, 35 a 44 e 45 a 54), tanto en homes como en mulleres. Dos datos no total de todos os anos, o persoal traballador de 35 a 44 co 28,51% dos accidentes é o grupo de idade con maior sinistralidade, seguido do de 45 a 54 anos co 25,25% e o de 25 a 34 anos co 22,62%.

Onde se aprecia a diferenza na sinistralidade dos grupos de idade é ao comparar as porcentaxes de **accidentes en cada sexo**, os traballadores que se accidentan son máis novos: 35 a 44 (27,95%), 25 a 34 (26,92%), 45 a 54 (17,18%) que as traballadoras: 35 a 44 (28,81%), 25 a 34 (20,28%), 45 a 54 (29,65%).

As categorías profesionais con maior sinistralidade son distintas dependendo do sexo do persoal traballador. Mentres nos homes o 57,69% dos accidentes son no grupo 5 (Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores), estando o resto dos accidentados entre varios grupos dos cales o grupo 9 (Ocupacións elementais) co 15,38% e o grupo 7 (Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras e a construción, agás operadores de instalacións) son os de maior porcentaxe, nas mulleres están máis concentrados en dous grupos: o 9 (Ocupacións elementais) co 52,59% e o 5 (Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores) co 41,96%, sendo as traballadoras do grupo 4 (Empregados contables, administrativos e outros empregados de oficina) co 3,08% as seguintes cunha porcentaxe moita menor.

Segundo o **cadro de persoal** do establecemento, a maior porcentaxe de sinistralidade (o 39,19% de todos os accidentes) prodúcese naqueles de 5 traballadores ata 25, sendo tamén onde se producen o 70% dos accidentes graves. Os seguintes grupos de maior porcentaxe de accidentes son os de 26 ata 50 traballadores co 20,63% e os de 51 ata 100 co 20,18%.

Dentro da división 55 do CNAE (Servizos de aloxamento) existen catro grupos: 55.1 (Hoteis e aloxamentos similares), 55.2 (Aloxamentos turísticos e outros aloxamentos de curta estadia), 55.3 (Cámpings e aparcadoiros para caravanas) e 55.4 (Outros aloxamentos). Existen algunhas diferenzas provinciais na sinistralidade destes grupos: mentres Pontevedra ten as maiores porcentaxes nos grupos 55.1 (88,80%) e 55.3 (6,22%), Lugo ten unha porcentaxe destacable no 55.2 (17,36%) e A Coruña ten a maior porcentaxe no minoritario grupo 55.9 (3,90%). A gran maioría dos accidentados laborais nos establecementos que prestan servizos de aloxamento, (o 84,25%), son de traballadores de empresas desta mesma división do CNAE, sendo a seguinte porcentaxe (o 4,43%) a correspondente a empresas de traballo temporal e outras actividades relacionadas co emprego (cnae 78) e en terceiro lugar co 2,99% dos accidentes, os servizos a edificios e actividades de xardinería, (cnae 81).

En canto á **sinistralidade nos días da semana**, existe unha sinistralidade lixeiramente maior entre o mércores e o sábado: mércores 14,21%, xoves 14,12%, venres 16,20%, sábado 16,83%. Os accidentes graves prodúcense principalmente os mércores e os venres sumando entre ambos o 70%.

Cos datos rexistrados, existe unha **franja horaria** de maior sinistralidade: as horas entre as 8 e as 14 horas, tanto nas traballadoras como no total dos accidentes, sendo o tramo central (entre as 10 e as 12 horas) a de maior porcentaxe de accidentes co 24,20% entre as traballadoras e o 21,81% do persoal traballador. Entre os traballadores é un pouco distinto sendo as porcentaxes maioritarias os seguintes: 17,44% entre as 10 e as 12 horas, 14,36% entre as 16 e as 18 horas e 13,85% entre as 12 e as 14 horas.

A sinistralidade dos accidentes está máis concentrada **nas primeiras horas de traballo** nas mulleres que nos homes, sendo entre a primeira e a quinta no seu caso as horas de maior porcentaxe de accidentes mentres que nos homes repártense máis con porcentaxes maiores entre a primeira e a sexta.

- Maiores porcentaxes entre as mulleres: segunda hora (17,48%), terceira (17,34%), cuarta (16,08%), primeira (14,69%), quinta hora (11,61%).
- Maiores porcentaxes entre os homes: terceira hora (15,90%), segunda (15,64%), sexta (14,87%) quinta e primeira (12,56%), cuarta hora (11,28%).
- Maiores porcentaxes entre o persoal traballador: segunda e terceira horas (16,83%), cuarta (14,39%), primeira (13,94%) quinta (11,95%), sexta hora (11,04%).

A desviación é o suceso que desencadea o accidente. As desviacións con maior porcentaxe de accidentes son: o grupo 7 (Movemento do corpo como consecuencia de ou con esforzo físico) co 32,31%, o grupo 5 (Caída de persoas - esvarón ou tropezón con caída) co 28,51%, o grupo 4 (Perda de control total ou parcial de equipos de traballo ou materiais) co 17,38% e o grupo 6 (Movemento do corpo sen esforzo físico engadido) co 11,86%. As maiores porcentaxes de accidentes entre as traballadoras teñen como desviación causante o grupo 7 co 32,73% dos accidentes, a continuación, o grupo 5 co 31,05%, en terceiro lugar o grupo 4 co 15,94% e por último o grupo 6 co 12,59%, tendo o resto das desviacións menos do 10% dos accidentes. Os desviacións dos accidentes graves das traballadoras son dos grupos 5 (o 71,43%) e 4 (o 28,57%).

As maiores porcentaxes de accidentes **entre as traballadoras** teñen como desviación causante o grupo 7 co 32,73% dos accidentes, a continuación, o grupo 5 co 31,05%, en terceiro lugar o grupo 4 co 15,94% e por último o grupo 6 co 12,59%, tendo o resto das desviacións menos do 10% dos accidentes. Os desviacións dos accidentes graves das traballadoras son dos grupos 5 (o 71,43%) e 4 (o 28,57%). Os accidentes **entre os traballadores** teñen como desviación causante con maior porcentaxe o grupo 7 co 31,54%, a continuación, o grupo 5 co 23,85%, en terceiro lugar o grupo 4 co 20,00% e por último o grupo 6 co 10,51% dos accidentes, tendo o resto dos grupos unha porcentaxe menor ao 10%. As desviacións relacionadas con accidentes graves nos traballadores son dos grupos 3 (Rotura, estalido, escorregamento, caída, derrubamento de Axente material), 4 e 5 en iguais porcentaxes.

Os accidentes segundo a **forma ou contacto que produciu a lesión** son na súa maioría dun destes 3 grupos: o 34,66% dos accidentes do grupo 3 (Caídas e golpes contra un obxecto inmóbil, traballador en movemento), o 31,40% do código 71 (Sobreesforzos), o código 71 é a práctica totalidade do grupo 7 e por iso utilízase só este código e non xunto ao resto do grupo, e o 16,11% do grupo 5 (Contacto con axente material cortante, punzante, duro). As porcentaxes de accidentes segundo estes grupos de forma ou contacto son **lixeramente distintas en homes e mulleres**: a porcentaxe do grupo 3 das mulleres é do 37,62% e nos homes do 29,23%, o do código 71 é o 32,31% nas mulleres e o 29,74% nos homes e no grupo 5 é o 14,13% nas mulleres e o 19,74% nos homes.

Nos accidentes segundo a **forma** desagregados **segundo sexo e gravidade**, as porcentaxes de traballadores e traballadoras son os seguintes:

- Nos homes os accidentes leves son nun 29,97% do código 71, nun 29,20% do grupo 3, nun 19,64% do grupo 5 e un 12,92% do grupo 4 (Choque ou golpe contra un obxecto en movemento, colisión con). En canto aos accidentes graves repártense en forma proporcional entre os grupos, 3, 4 e 5.
- Nas mulleres os accidentes leves son nun 37,29% do grupo 3, nun 32,63% do código 71 e nun 14,27% do grupo 5. En canto aos accidentes graves, son na súa maioría do grupo 3 co 71,43%, sendo o resto dos grupos 6 (Quedar atrapado, ser esmagado, sufrir unha amputación) e 1 (Contacto eléctrico, con lume, temperaturas ou substancias perigosas) cun 14,29% cada un.

Aínda que cunha diferenza apreciable nos dous grupos de **lesións** de maior frecuencia, os tres grupos de lesións son os mesmos en homes e mulleres. No grupo 4 (Torceduras, escordaduras e distensións) o 54,69% na mulleres e o 48,21% nos homes, para un total do 52,40% dos accidentes. No grupo 2 (Lesións superficiais e feridas abertas), o 28,39% nas mulleres e o 37,95% nos homes, para unha porcentaxe total do 31,76%. No grupo 3 (Fracturas de ósos), o 9,65% nas mulleres e o 8,21% nos homes, para unha porcentaxe total do 9,14%.

Nos traballadores, o grupo 4 de **lesións** supón o 48,58% dos accidentes leves, o grupo 2, o 37,98% dos accidentes leves e o 33,33% dos accidentes graves e o grupo 3, o 7,75% dos accidentes leves e o 66,67% dos accidentes graves. **Nas traballadoras, as lesións** do o grupo 4 son o 55,23% dos accidentes leves, as lesións do grupo 2, o 28,67% dos accidentes leves e as lesións do grupo 3, o 9,04% dos accidentes leves e o 71,43% dos accidentes graves. A diferenza dos homes, os accidentes graves das mulleres que non son do grupo 3 están en grupos de accidentes con porcentaxes moi pequenas: no grupo 7 (Queimaduras, escaldaduras e conxelacións) e no grupo 5 (Amputacións traumáticas) ambos co 14,29% dos accidentes.

As partes do corpo que máis se lesionan nos accidentes laborais son as seguintes: o 34,93% nas mans (35,64% nos homes e 34,55% nas mulleres), o 21,18% nas extremidades inferiores - pernas excepto os pés- sendo a porcentaxe nos homes do 23,08% e do 20,14% nas mulleres; o 13,21% nas lombo (o 12,82% nos homes e o 13,43% nas mulleres), o 12,04% nas extremidades superiores (todo o brazo agás a man), co 10,00% dos accidentes nos homes e o 13,15% nas mulleres. As demais partes lesionadas teñen unha porcentaxe de accidentes inferior ao 10%. **Nos traballadores**, os **accidentes graves** repártense en igual porcentaxe entre lesións nas extremidades superiores (agás as mans), nas mans e no tórax. **Nas traballadoras**, o 57,14% das lesións **graves** prodúcense nas extremidades inferiores (agás os pés) e o 42,86% nas mans.

Servizos de comidas e bebidas

Os accidentes **en xornada laboral** aumentaron ano a ano entre 2014 e 2018 cun incremento nos cinco anos do 38,75% (de 1.053 a 1.461). Aínda que o máximo da incidencia deuse no 2016 con 3.059,91 accidentes por 100.000 traballadores, no período a incidencia aumentou nun 17,37% (de 2.545,57 a 2.987,73). Aínda que de xeito non gradual **os accidentes in itinere** aumentaron de 189 en 2014 a 206 en 2018 (en porcentaxe un 8,99%), mentres que a incidencia diminuíu aínda que de xeito non regular un 7,80% (de 456,90 a 421,27).

Accidentáronse moitas mais mulleres que homes en xornada laboral (600 mulleres e 453 homes no 2014 e 741 mulleres e 720 homes no 2018) maila que o ano de maior sinistralidade nas mulleres foi 2017 con 752. Os accidentes polo tanto incrementáronse nos homes nun 58,94% e nas mulleres un 23,50%, a incidencia incrementouse nun 29,42% (de 2.930,71 a

3.792,87) nos traballadores, mentres que nas traballadoras nun 6,96% (de 2.315,80 a 2.476,94) cun máximo en 2016 de 2.615,44 por 100.000.

As mulleres teñen mais accidentes in itinere que os homes aínda que un incidencia en xeral menor. A incidencia destes accidentes nos homes aumentou entre 2016 e 2018 aínda que nos cinco anos diminuíu nun 12,31% (de 504,63 no 2014 a 442,50 no 2018), mentres que nas mulleres a tendencia semella descendente cunha diminución nos cinco anos do 4,81%.

En canto á gravidade dos accidentes en xornada laboral de homes e mulleres, é maior a proporción nos homes (un 1,45% de graves do total) que nas mulleres (un 0,48% de graves do total dos accidentes dos cinco anos), sendo a proporción de accidentes mortais a mesma en homes que mulleres, o 0,03%. Na gravidade dos accidente in itinere que entre 2014 e 2016 era superior nas traballadoras, nos dous últimos anos foi moi superior nos traballadores, a resultados do cal a proporción de accidentes graves nos homes foi do 1,32% e nas mulleres do 0,62%. A proporción de accidentes mortais nas mulleres foi do 0,03%.

A evolución da sinistralidade é distinta segundo as provincias: acádase o número máis alto de accidentes en 2018 na Coruña (crecemento dun 43,24%, ata os 689 accidentes) e Pontevedra (crecemento dun 37,85%, ata os 488 accidentes), mentres que o maior número de accidentes en Lugo e Ourense acádase en 2017, con aumento nos cinco anos do 26,83% en Lugo (ata os 156 accidentes) e do 34,74% en Ourense (ata os 128 accidentes).

Na evolución da incidencia por provincias, A Coruña mostra en xeral valores máis altos cunha clara tendencia á alza nos cinco anos do 21,94% (de 2.705,38 a 3.298,93), Lugo e Ourense mostran aumento ata 2017 cunha clara baixada no 2018: Lugo aumenta un 14,15% (de 2.286,95 a 2.610,48) e Ourense un 21,39% (de 2.060,92 a 2.501,67). Pontevedra acada a maior incidencia no ano 2016 cun incremento no período do 10,78% (de 2.603,16 a 2.883,91).

Nos traballadores a evolución da incidencia é distinta entre as provincias do norte e do sur. Mentres en A Coruña e Lugo crece entre 2014 e 2018 cunha lixeira baixada no 2018, incremento do 26,46% (de 3.184,27 a 4.026,77) en A Coruña e do 35,07% (de 2.576,43 a 3.479,92) en Lugo, en Ourense houbo un forte incremento entre 2014 e 2017 cun forte descenso no 2018, o incremento total nos cinco anos foi do 38,84% (de 2.323,449 a 3.225,94) , e en Pontevedra evolucionou en dentes de serra con máximos en 2016 e 2018 e un incremento nos cinco anos do 28,71% (de 2.919,61 a 3.757,95). **A incidencia dos accidentes das traballadoras é distinta en cada provincia:** en A Coruña máximos en 2016 e 2018 formando dentes de serra cun incremento nos cinco anos do 16,55% (de 2.391,85 a 2.787,68), en Lugo creceu a incidencia ata 2017 e baixada no 2018, cunha diminución do 0,14% (de 2.143,11 a 2.140,19), en Ourense pequenos dentes de serra con máximos en 2015 e 2017 cun incremento nos cinco anos do 7,38% (de 1.891,56 a 2.031,17) e Pontevedra cun máximo en 2015 e diminución dende entón, na provincia nos cinco anos a incidencia diminuíu nun 2,36% (de 2.428,90 a 2.371,56 por 100.000 traballadoras).

Os concellos que teñen maior porcentaxe de accidentes na súa provincia son os seguintes:

- **Na provincia da Coruña:** A Coruña (38,15%), Santiago de Compostela (18,07%), Ferrol (5,60%), Narón (4,36%), Oleiros (3,22%), Cambre (2,75%), Arteixo (2,41%), Culleredo (2,38%), Bergondo (1,71%) e Carballo (1,44%).
- **Na provincia de Lugo:** Lugo (52,75%), Viveiro (7,69%), Ribadeo (6,18%), Monforte de Lemos (4,40%), Sarria (3,16%), Burela (2,61%) e Foz 82,47%).

- Na provincia de Ourense: Ourense (67,29%), O Carballiño (4,07%), O Barco de Valdeorras (3,91%), San Cibrao das Viñas (3,60%) e Verín (2,50%).
- Na provincia de Pontevedra: Vigo (50,45%), Pontevedra (10,09%), Sanxenxo (3,03%), Vilagarcía de Arousa (2,85%), Ponteareas (2,44%), O Porriño (2,40%), O Grove (2,31%), Cangas (1,76%), Redondela (1,72%), Baiona e Nigrán (1,63%).

Nos servizos de comidas e bebidas os **accidentes de tráfico** non son principalmente accidentes in itinere, os accidentes en desprazamento en xornada laboral en Galicia son case 6 de cada 10. No total dos accidentes de cada provincia (en xornada e in itinere), os accidentes de tráfico supoñen o 20,68% na provincia de A Coruña (33,93% nos homes e 8,54% nas mulleres), o 20,27% na provincia de Lugo (35,09% nos homes e 9,53% nas mulleres), o 21,69% na provincia de Ourense (34,52% nos homes e 10,16% nas mulleres) e o 24,57% na provincia de Pontevedra (38,84% nos homes e 13,69% nas mulleres). No total dos accidentes en Galicia (en xornada e in itinere) os accidentes de tráfico supoñen o 22,08% (35,73% nos homes e 10,66% nas mulleres). O crecemento dos accidentes de tráfico foi moi importante. En A Coruña o crecemento dos accidentes de tráfico foi do 75,23%, en Lugo do 44,00%, do 80,95% en Ourense e do 50,00% en Pontevedra, para unha porcentaxe de crecemento en Galicia do 62,45%.

Na evolución dos **accidentes por tipo de contrato** nestes cinco anos, aparece unha diferenza entre homes e mulleres respecto ao grupo de traballadores con maior porcentaxe de accidentes (os que teñen contrato indefinido ou os temporais), sendo as porcentaxes de accidentes dos traballadores autónomos moi similares nos dous sexos. Nos traballadores, de 2014 a 2016, a maior porcentaxe de accidentados correspondía a traballadores temporais. Nos anos 2017 e 2018 son os traballadores con contrato indefinido os que teñen unha maior porcentaxe de accidentes, cunha lixeira diferenza respecto a os temporais, sendo as porcentaxes ao cabo dos cinco anos de: 49,29% (C. Indefinido), 48,01% (C. Temporal), 2,70% (Autónomos). Nas traballadoras, a maior porcentaxe de accidentadas en todos os anos do estudo sempre a sido entre as traballadoras con contrato temporal, sendo en xeral maior a diferenza respecto a as que teñen un contrato indefinido que nos homes. As porcentaxes de accidentes ao cabo dos cinco anos foron os seguintes: 51,07% (C. Indefinido), 46,21% (C. Temporal), 2,73% (Autónomas).

Respecto á **gravidade dos accidentes**, hai diferenzas claras entre homes e mulleres nos datos das agrupacións **segundo o tipo de contrato**. Se nos accidentados leves teñen lixeira maioría os que teñen un contrato indefinido nos homes (1.481 contra 1.435), nas accidentadas son maioría as que teñen un contrato temporal (1.791 contra 1.618), nos accidentados graves son maioría os traballadores temporais (24 contra 16), nas traballadoras con accidentes graves son maioría as que teñen un contrato indefinido (9 contra 6), tendo os traballadores no seu conxunto máis do dobre de accidentes graves, 44 por 17 as traballadoras. Nos falecidos, o único accidente mortal foi dun traballador con contrato indefinido e nas traballadoras unha con contrato temporal.

Tanto en homes como en mulleres o **persoal traballador de orixe** nacional é maioritario entre os accidentados, o 90,62% entre os homes e o 89,35% entre as mulleres nestes cinco anos, aínda que a porcentaxe de traballadores estranxeiros accidentados mostra un claro incremento desde 2014, cunha tendencia ao crecemento máis progresiva nos homes (no 2018 acadou o 10,83% dende o 7,06% de 2014) e mais "a pulos" nas mulleres (o 12,15% no 2018 dende o 9,00% de 2014). Por nacionalidades, as maiores porcentaxes de persoal traballador accidentado son os

dos seguintes países: Colombia (1,37%), Portugal (1,22%), Brasil (1,11%), Venezuela (0,75%), Marrocos (0,73%), Romanía (0,69%), República Dominicana (0,58%), Arxentina e Italia (0,52%).

Os **tramos de idade** entre os 20 e os 44 anos son de maior porcentaxe de accidentes (20 a 24, 25 a 34 e 35 a 44), tanto en homes como en mulleres. Aínda que o grupo de idade de maior accidentabilidade é o de 25 a 34 anos, nos homes o segundo grupo é o de 20 a 24 anos e nas mulleres de 35 a 44, o que mostra unha clara diferenza entre sexos. Dos datos do total dos cinco anos, o persoal traballador de 25 a 34 anos é o grupo de idade de maior sinistralidade co 33,03% dos accidentes, seguido do de 35 a 44 anos co 23,67% e o de 20 a 24 anos co 18,51%. Apréciase claramente a diferenza de sinistralidade entre sexos segundo a idade. Ata o máximo de accidentes do grupo de 25 a 34 anos (36,53% nos homes, 30,02% nas mulleres), as porcentaxes dos homes superan aos das mulleres, a partir dese grupo de idade, as porcentaxes das mulleres superan aos dos homes: 25,76% contra 21,26% no persoal entre 35 e 44 anos, 19,00% contra 10,69% no persoal entre 45 e 54 anos, 8,72% contra 3,75% no persoal entre 55 e 65.

As categorías profesionais de maior sinistralidade son case as mesmas en homes que en mulleres aínda que nestas últimas están máis concentradas en só dúas categorías. As porcentaxes do total dos cinco anos nas categorías de maior sinistralidade nos homes son: 61,30% na categoría 5 (Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores), 25,86% na categoría 8 (Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores) e 10,27% na categoría 9 (Ocupacións elementais). As porcentaxes do total dos cinco anos nas categorías de maior sinistralidade nas mulleres son: 83,13% na categoría 5 (Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores) e 15,08% na categoría 9 (Ocupacións elementais).

Segundo o **cadro de persoal** da empresa do persoal traballador accidentado, a maior porcentaxe de accidentes prodúcese en empresas de 5 a 25 traballadores: o 48,10% dos accidentes leves, o 40,68% dos accidentes graves e o 50% dos mortais, cunha porcentaxe do total do 48,03%, seguidas polas empresas de 1 a 4 traballadores: 29,07% dos accidentes leves, o 18,64% dos accidentes graves e o 50% dos mortais, cunha porcentaxe do total do 28,98% e daquelas de 26 a 50 traballadores: 8,05% dos accidentes leves e o 18,64% dos accidentes graves, cunha porcentaxe do total do 8,14%.

Dentro da división 56 (Servizos de comidas e bebidas) existen 3 grupos: 56.1 (Restaurantes e postos de comidas), 56.2 (Provisión de comidas preparadas para eventos e outros servizos de comidas) e 56.3 (Establecementos de bebidas). Existen algunhas diferenzas provinciais na sinistralidade destes grupos: A Coruña ten unha porcentaxe superior ao total galego nos grupos 56.1 (43,21%) e 56.2 (11,26%), sendo neste último grupo a única provincia que supera a porcentaxe do total da comunidade que é do 9,48%; Lugo ten maiores porcentaxes nos grupos 56.1 (42,17%) e 56.3 (52,75%), Ourense supera a porcentaxe galega no grupo 56.3 que é do 49,45% cun 65,57% e é moi inferior ao galego do grupo 56.1 (41,07%) cun 25,98% e Pontevedra é a provincia cunha distribución máis equilibrada, superando a porcentaxe da comunidade no grupo 56.1 cun 42,17%. Máis do 98% dos accidentados nos centros de traballo do cnae 56 (Servizos de comidas e bebidas) son traballadores de empresas deste cnae, as seguintes porcentaxes de persoal traballador correspondente a outros cnae son: 0,35%, Servizos a edificios e actividades de xardinería (cnae 81) e 0,27%, empresas de traballo temporal e outras actividades relacionadas co emprego (cnae 78).

Cos datos **da sinistralidade segundo o día da semana**, esta aumenta diariamente entre o luns (12,55%) e o sábado (17,29%), diminuindo o domingo (13,29%). Os accidentes graves ocorren principalmente os venres (25,42%), xoves (22,03%) e sábado (16,95%) e os accidentes mortais en luns.

Segundo o sexo do persoal traballador existen diferenzas entre as **horas do día** de maior sinistralidade. As traballadoras accidentáanse máis entre as 10 e as 16 horas: 16,61% de 10 a 12 horas, 16,93% de 12 a 14 horas, 13,60% de 14 a 16 horas; os traballadores teñen unha accidentabilidade importante a partir das 20 horas: 20,34% de 20 a 22 horas, 15,60% de 12 a 14 horas, 13,06% de 22 a 24 horas.

Tanto en homes como en mulleres, especialmente nos primeiros, a sinistralidade é maior na segunda e terceira **horas de traballo**, concentrándose máis do 70% dos accidentes nas catro primeiras horas.

- Maiores porcentaxes entre os homes: segunda hora (24,42%), terceira hora (19,84%), primeira hora (15,99%) e cuarta hora (12,90%).
- Maiores porcentaxes entre as mulleres: segunda hora (22,58%), terceira hora (16,98%), primeira hora (16,50%) e cuarta hora (15,45%).
- Maiores porcentaxes entre o persoal traballador: segunda hora (23,43%), terceira hora (18,31%), primeira hora (16,27%), cuarta hora (14,27%).

A desviación é o último acontecemento anormal que conduciu ao accidente. Trátase da descrición do acontecemento anormal, é dicir, a desviación do proceso normal de traballo. As desviacións con maiores porcentaxes de accidentes son: o grupo 4 (Perda de control total ou parcial de equipos de traballo ou materiais) co 32,64% dos accidentes, o grupo 7 (Movemento do corpo como consecuencia de ou con esforzo físico) co 22,30% e o grupo 5 (Caída de persoas - esvarón ou tropezo con caída) co 22,21%.

As **desviacións** con maiores porcentaxes de accidentes entre o **persoal traballador masculino** son as do grupo 4, co 44,82% dos accidentes (44,71% dos leves, 51,16% dos graves e o 100% dos mortais), seguidas das do grupo 7 co 19,41% (19,60% dos leves e o 6,98% dos graves) e das do grupo 5 co 15,63% (15,63% dos leves e o 16,28% dos graves). As desviacións con maiores porcentaxes de accidentes entre o **persoal traballador feminino** son as do grupo 5, co 27,89% dos accidentes (27,94% dos leves e o 18,75% dos graves), seguidas das do grupo 7 co 24,79% (24,89% dos leves e o 6,25% dos graves) e das do grupo 4 co 22,12% (22,20% dos leves e o 6,25% dos graves). Tamén se pode destacar que a maior porcentaxe de accidentes graves, o 37,50% déase no grupo 2 (Desviación por desbordamento, envorco, escape, derrame, emanación) e a desviación do accidente mortal sexa do grupo 8 (Sorpresa, medo, violencia, agresión, ameaza, presenza).

Os accidentes segundo a **forma ou contacto** que produciu a lesión son na súa maioría dun destes grupos de forma: o 32,13% do grupo 3 (Caídas e golpes contra un obxecto inmóbil, traballador en movemento), o 20,41% do código 71 (Sobreesforzos), o código 71 é a práctica totalidade do grupo 7 e por iso utilízase só este código e non xunto ao resto do grupo, o 20,15% do grupo 5 (Contacto con axente material cortante, punzante, duro) e o 16,40% do grupo 4 (Choque ou golpe contra un obxecto en movemento, colisión con). Tamén pódese destacar que o 11,39% dos accidentes das mulleres son do grupo 1 (Contacto eléctrico, con lume, temperaturas ou substancias perigosas).

Nos accidentes segundo a **forma** desagregados **segundo sexo e gravidade**, as porcentaxes de traballadores e traballadoras son os seguintes:

- Nos homes o 30,19% dos accidentes leves son por formas do grupo 3, o 26,39% do grupo 4, o 18,44% do grupo 5 e o 17,40% no código 71 (Sobreesforzos). Os accidentes graves foron nun 40,91% por causas do grupo 4, o 25,00% do grupo 3 e o 13,64% do código 90 (patoloxías non traumáticas). O accidente mortal produciuse por unha forma ou contacto do grupo 4. Os accidentes totais producíronse nun 30,11% por formas ou contactos do grupo 3, nun 26,62% do grupo 4, nun 18,26% do grupo 5 e nun 17,21% no código 71.
- Nas mulleres o 33,94% dos accidentes leves produciuse por unha forma ou contacto do grupo 3, o 23,27% por sobreesforzos, o 21,84% do grupo 5 e o 11,25% por unha forma ou contacto do grupo 1 (Contacto eléctrico, con lume, temperaturas ou substancias perigosas). Os accidentes graves producíronse nun 41,18% por forma ou contacto do grupo 1, o 23,53% do grupo 3 e o 11,76% do grupo 5. O accidente mortal produciuse por unha forma ou contacto do grupo 8 (Mordedelas, Couces, etc.-de animais ou persoas-). O total dos accidentes produciuse nun 30,11% por unha forma ou contacto do grupo 3, nun 26,62% do grupo 4, nun 18,26% do grupo 5 e nun 17,21% por sobreesforzos.

Hai dous grupos de **lesiões** que por se soas supoñen máis do 80% do total, tanto en homes como en mulleres: as do grupo 4 (Torceduras, escordaduras e distensións) e as do grupo 2 (Lesións superficiais e feridas abertas). As lesións do grupo 4 están no 43,87% do os accidentes (o 44,28% nas mulleres e o 43,40% nos homes) e as lesións do grupo 2 son resultado do 37,71% dos accidentes (o 38,37% nos homes e o 37,15% nas mulleres). Porcentaxe moita menor ten o grupo 7, Queimaduras, escaldaduras e conxelacións, o 7,80% do total dos accidentes (o 10,48% nas mulleres e o 4,71% nos homes) e o grupo 3, Fracturas de ósos, no 7,62% dos accidentes (o 9,21% nos homes e o 6,25% nas mulleres).

Nos traballadores, ao grupo 4 de **lesiões** correspóndelle o 43,92% dos accidentes leves, ao grupo 2 o 38,84% e ao grupo 3 o 8,65%. Nos accidentes graves, o 47,73% das lesións son do grupo 3, o 13,64% do grupo 14 (Infartos, derramos e outras patoloxías), o 11,36% do grupo 13 (Lesións múltiples) e o 9,09% do grupo 4. Os accidentes mortais por lesións múltiples supuxeron a totalidade dos accidentes mortais dos homes. **Nas traballadoras**, o 44,48% das **lesiões** dos accidentes leves son do grupo 4, o 37,28% do grupo 2 e o 10,36% do grupo 7 (Queimaduras, escaldaduras e conxelacións). As lesións graves do grupo 7 representan o 35,29% dos accidentes, o grupo 3 supón o 23,53% dos accidentes e en terceiro lugar están as Conmocións e lesións internas do grupo 6 co 17,65% dos accidentes. Deste último grupo son as lesións da totalidade dos accidentes mortais das mulleres.

No persoal traballador desta división de actividade, as **partes do corpo** que se lesionan con maior frecuencia nos accidentes laborais son as seguintes: o 33,77% nas mans (o 36,86% nas mulleres e o 30,17% nos homes, o 20,32% nas extremidades inferiores agás pés (o 21,72% nos homes e o 19,11% nas mulleres) , o 12,01% nas extremidades superiores agás as mans (o 12,72% nas mulleres e o 11,19% nos homes), o 10,34% no lombo (o 10,68% nas mulleres e o 9,94% nos homes) e o 8,20% nos pés (o 8,26% nos homes e o 8,15% nas mulleres). Tamén se pode destacar a porcentaxe de lesións múltiples nos homes, que co 7,90% dos accidentes duplica aos accidentes con estas lesións das mulleres, o 3,55%.

Nos accidentes **leves** dos **traballadores**, as mans lesiónanse no 30,43% dos accidentes, as extremidades inferiores agás os pés no 21,61%, as extremidades superiores agás as mans no 11,22% e no lombo en 10,02% dos accidentes. Nos accidentes graves, as extremidades inferiores agás os pés lesiónanse no 29,55% dos accidentes, as mans e o tórax no 13,64%, as lesións múltiples están presentes no 11,36% dos accidentes e as lesións nas extremidades superiores agás as mans no 11,22%. Todos os accidentes mortais dos homes produciron lesións múltiples. Os accidentes **leves** que se dan con maior frecuencia nas **traballadoras** son aqueles con danos nas mans co 37,00%, nas extremidades inferiores (agás pés) co 19,10%, nas extremidades superiores (agás mans) co 12,70% e no lombo co 10,73%. Nos accidentes graves as partes do corpo danadas con maior frecuencia son as extremidades inferiores (agás pés) co 23,53%, as extremidades superiores (agás mans) co 17,65% e as mans, ollos, tórax e lesións múltiples co 11,76%. Todos os accidentes mortais das mulleres produciron lesións múltiples.

5. ANEXO

Desviación	
Grupo	Descrición
0	Ningunha información
1	Desviación por problema eléctrico, explosión, lume
2	Desviación por desbordamento, envorco, escape, derrame, emanación
3	Rotura, estalido, escorregamento, caída, derrubamento de Axente material
4	Perda de control total ou parcial de equipos de traballo ou materiais
5	Caída de persoas - esvarón ou tropezón con caída
6	Movemento do corpo sen esforzo físico engadido
7	Movemento do corpo como consecuencia de ou con esforzo físico.
8	Sorpresa, medo, violencia, agresión, ameaza, presenza
9	Outra Desviación non codificada

Forma (ou Contacto)	
Grupo	Descrición
0	Ningunha información
1	Contacto eléctrico, con lume, temperaturas ou substancias perigosas
2	Afogamento, sepultamento
3	Caídas e golpes contra un obxecto inmóbil, traballador en movemento
4	Choque ou golpe contra un obxecto en movemento, colisión con
5	Contacto con axente material cortante, punzante, duro.
6	Quedar atrapado, ser esmagado, sufrir unha amputación
7	Sobreesforzo, trauma psíquico, radiacións, ruído, etc.
(71)	Sobreesforzo
8	Mordedelas, couces, etc. (de animais ou persoas)
9	Infartos, derramos cerebrais e outras patoloxías non traumáticas
(99)	Outros contactos

CNO-2011

Grupos	Descrición
9	Ocupacións elementais
8	Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores
7	Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras e a construción (agás operadores de instalacións)
6	Traballadores cualificados no sector agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro
5	Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores
4	Empregados contables, administrativos e outros empregados de oficina
3	Técnicos; profesionais de apoio
2	Técnicos e profesionais científicos e intelectuais
1	Directores e xerentes
0	Ocupacións militares

Natureza da lesión

Grupo	Descrición
1	Outras/sen especificar
2	Lesións superficiais e feridas abertas
3	Fracturas de ósos
4	Torceduras, escordaduras e distensións
5	Amputacións traumáticas
6	Conmocións e lesións internas
7	Queimaduras, escaldaduras e conxelacións
8	Envelenamentos e infeccións
9	Afogamentos e asfixias
10	Efectos do ruído, vibracións e presión
11	Ambiente térmico
12	Danos psicolóxicos e choques traumáticos
13	Lesións múltiples
14	Infartos, derramos e outras patoloxías